

# SETE CHAVES PARA ABRIR OS SOÑOS

Textos de ALFREDO GÓMEZ CERDÁ

Ilustracións de DAVID PINTOR

Tradución de ISABEL SOTO

Encadernado en cartonné. 15 x 23,5 cm. 112 páx. 15 €

FINALISTA - PREMIO FUNDACIÓN CUATROGATOS 2021

[Sete chaves para abrir os sonhos](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-024-9. Sete Leguas

[Siete llaves para abrir los sueños](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-025-6. Siete Leguas.

[Set claus per obrir els somnis](#) (català)

ISBN 978-84-16804-95-5. Set Llegües.

[Sette chivi per aprire i sogni](#) (italiano)

ISBN 978-84-1343-026-3. Sette Leghe

*O alumnado desa escola levaba días esperando a visita. Engalanaran os corredores con debuxos, e colocaran no vestíbulo un retrato grande do escritor que a profesora se atrevera a copiar dunha fotografía. Con enormes letras de cores conformaran unha frase ao seu redor: "Benvenuto alla nostra scuola, Gianni Rodari"...*

Gianni Rodari, Tomi Ungerer, Astrid Lindgren, Juan Farias, Christine Nöstlinger, Roald Dahl e Gloria Fuertes protagonizan sete relatos, un número máxico para outras tantas figuras esenciais na historia da Literatura Infantil e Xuvenil contemporánea. Esta homenaxe narrativa de Alfredo Gómez Cerdá está elaborada cos ingredientes que os propios personaxes cultivaron ao longo da súa traxectoria: fantasía e creatividade. Trala anécdota que dá lugar a cada conto transloce un labor de documentación previo que anima os lectores a afondar na biografía e na obra destas autoras e autores. Ata o punto de que se difumina a fronteira entre realidade e ficción, como se estes episodios puidesen formar parte da súa vida e mesmo explicaran dalgún xeito a súa vocación literaria.

Gianni Rodari é o artífice dunha xanela de evasión para unha nena ante un drama familiar. De Tomi Ungerer fascina a capacidade dos seus personaxes para intercambiarse nos seus propios libros. Astrid Lindgren exerce como activista ante as inxustizas sociais e as agresións medioambientais. Farias dános unha lección sobre o verdadeiramente importante na vida: a memoria, a amizade, o territorio que habitamos... Roald Dahl vive unha turbadora aventura en Transilvania da man dunha misteriosa e noctámbula dama. E no Madrid da escura posguerra, Gloria Fuertes recibe un inesperado agasallo duns pequenos e audaces veciños.

As ilustracións de David Pintor transcenden a mera representación física dos personaxes; son figuras capaces de reflectir o seu calado humano e semellan estar tocadas por esa sorte de maxia que, a través dos seus libros, fixo soñar a milleiros de persoas no mundo.



- **Temática:** relatos protagonizados por sete autores/as emblemáticos da LIX.
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos.
- **Aspectos destacables:** historias de temática social, histórica, intimista, fantástica e de aventuras; caricaturas; do autor da colección «[Cidades](#)» e ilustrador de «[Almanaque musical](#)», «[Contos para nenos que dormen deseguida](#)», e «[Nicomedes o pelado](#)», «[Brinca vai!](#)» e «[Radio bulebule](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/sete-chaves-para-abrir-os-sonhos-g>

## Alfredo Gómez Cerdá

(Madrid, 1951)

Estudou Filoloxía Española e especializouse en Literatura. Comezou escribindo teatro, xénero no que publicou e representou varias obras nos anos 70. Nos 80 descubriu a literatura infantil e xuvenil, que lle proporcionou o éxito. Dende entón publicou máis de 150 títulos, traducidos a outras linguas. Colaborou en prensa e revistas especializadas, ademais de participar en iniciativas educativas. Recibiu, entre outros, os premios Altea (1984), Gran Angular (2005), Frai Luis de León (2006), Ala Delta (2008), Cervantes Chico (2008) e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil (2009). Figura na lista de Honra da CCEEI, en The White Ravens e foi candidato aos premios Astrid Lindgren (2018, 2019) e Hans C. Andersen (2018).  
<http://www.almezzzer.com>

## David Pintor

(A Coruña, 1975)

Humorista gráfico, ilustrador e pintor. Recibiu, entre outros, os premios Andersen 2015 (Italia) e Nami Island 2013 (Corea), o premio da Society of News Design, o Pura e Dora Vázquez de ilustración, o Premio Internacional Clermont-Ferrand de cadernos de viaxe, o Premio Ilustrador do Ano Città del Sol e o 2º Premio da Feira do Libro de Sharjah (Dubai). Foi finalista dos CJ Picture Book Awards (2011) e figura na lista The White Ravens (2009, 2011 e 2014). Foi seleccionado en varias edicións da Bienal de Bratislava e da Feira Internacional de Boloña.  
<http://www.davidpintor.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com